


Sumario | nº33 – Xaneiro 2024

EDIUS **NOVAS**

Elixida a representación do alumnado da EDIUS no Consello do Estudantado



OPINIÓN

Que lonxitude debe ter unha tese doutoral?



EDIUS **NOVAS**

Un curso para facilitar a entrada do alumnado nunha linguaxe matemática destinada ao desenvolvemento de probas estatísticas



EDIUS **NOVAS**

156 candidaturas para conseguir un dos 36 Premios Extraordinarios do curso 21-22



EDIUS

Datas importantes



EDIUS **NOVAS**

A implantación global de prácticas locais de inflexión positiva mudaría a urxencia climática da Terra por un futuro sostible



EDIUS **NOVAS**

A AVTE lanza un programa de estímulo á transferencia en Ciencias Sociais, Humanas, Xurídicas e Artísticas



EDIUS **NOVAS**

A USC incorpora a Martha C. Nussbaum e Michael Keating ao seu claustro de doutoramentos *honoris causa*



EDIUS **NOVAS**

Convocado o premio SNE para teses presentadas en 2023



EDIUS **NOVAS**

A Fundación José Otero-Carmela Martínez reparte 21 becas para doutorandos e doutorandas da USC por valor de máis de 26 mil euros



326 teses defendidas en 2023

Estatísticas teses 2023



EDIUS **NOVAS**

Convocados os Premios de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo



Datas importantes

Toma nota das datas e prazos máis importantes que debes anotar na túa axenda deste 2024:

INICIO DE ESTUDOS DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO

1-7 febreiro 2024	2º prazo de admisión de alumnado de novo acceso que desexa cursar algún dos programas de doutoramento
15 febreiro 2024	Publicación das relacións provisorias do 2º período
16-19 febreiro 2024	Período de reclamacións das relacións provisorias deste 2º prazo de matriculación
26 febreiro 2023	Publicación da listaxe definitiva do estudantado admitido
27-29 febreiro 2024	2º período de matrícula

DESISTENCIA DE MATRÍCULA

Até o 20 de marzo de 2024 para os doutorandos/as admitidos/as no 2º período de matrícula

CAMBIO MODALIDADE DEDICACIÓN

Nos períodos ordinarios de matrícula

BAIXAS TEMPORAIS

Nos períodos ordinarios de matrícula

PRAZOS PARA A SOLICITUDE DE PRÓRROGAS

Do 21 de xuño ao 5 de xullo de 2024. Prazo para os doutorandos e doutorandas con finalización inicial entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de xaneiro de 2025

ASIGNACIÓN DE DIRECTOR/A DE TESE

Tras a matrícula, o PD terá como prazo máximo tres meses para a asignación polo menos dun director de tese

PLAN DE INVESTIGACIÓN

As persoas matriculadas por primeira vez no curso 2022/23 teñen o seguinte prazo límite para presentar a través da súa Secretaría Virtual o seu Plan de investigación:

- 8 de abril de 2024, para doutorandos e doutorandas matriculados na primeira convocatoria.
- 31 de xullo de 2024, para doutorandos e doutorandas matriculados na segunda convocatoria.

INCORPORACIÓN DE ACTIVIDADES NO DOCUMENTO DE ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO CURSO 2022/23

Prazo límite para todos os estudantes de doutoramento o 30 de xuño de 2024

CALENDARIO DA AVALIACIÓN ANUAL NO CURSO 2023/24

Os prazos para realizar os informes anuais (Perfis Autorizados e CAPD) serán establecidos por cada Programa de Doutoramento, tendo en conta que, en todo caso deben estar realizados antes do 30 de setembro de 2024.

O prazo para que o alumno ou alumna formule alegacións será de 10 días hábiles dende a emisión do Informe de avaliación anual.

PERÍODOS NON LECTIVOS

En 2023, serán períodos non lectivos o mes de agosto, os días festivos e outros períodos de interrupción da actividade académica.

Os períodos de interrupción da actividade académica serán:

- O luns e martes de Entroido (12 e 13 de febreiro de 2024)
- A Semana Santa (desde o 25 até o 29 de marzo de 2024, ambos incluídos)

OUTROS DÍAS NON LECTIVOS

26 de xaneiro de 2024: festividade de San Tomé de Aquino, e os días declarados festivos polo Estado, a Comunidade Autónoma e, en cada Campus, os correspondentes ás festas locais.

156 candidaturas para conseguir un dos 36 Premios Extraordinarios do curso 21-22

Artes
e Humanidades

Ciencias
e Enxeñarías

Ciencias
da Saúde

Ciencias Sociais
e Xurídicas

Un total de 156 persoas presentaron a súa candidatura para lograr unha das 36 prazas da Convocatoria de Premio Extraordinario de Doutoramento da USC do curso 2021-2022. Son destinatarios os estudantes de doutoramento cuxa tese fose defendida na USC durante o curso académico 2021-2022, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2021 e o 31 de agosto de 2022. Os/as solicitantes poderán optar ao premio extraordinario nunha das catro grandes áreas de coñecemento: **Artes e Humanidades, Ciencias e Enxeñarías, Ciencias da Saúde e Ciencias Sociais e Xurídicas.**

A mediados do pasado mes de decembro, nomeáronse os membros das comisións avaliadoras do Premio Extraordinario.

No Taboleiro electrónico da USC pódese atopar a **normativa** pola que se rexe a concesión dos premios neste ano, a **convocatoria**, o **Anexo I** coas teses que optan ao premio e o **Anexo II** cos criterios de valoración.

Os requisitos para concorrer a esta convocatoria son, en relación coa tese defendida:

- Cualificada polo tribunal como *sobresaliente*.
- Que se lle outorgase a mención *Cum laude*.
- Que a suma da puntuación para o premio extraordinario recollida nos informes confidenciais dos membros do tribunal, dividida entre o número de membros do tribunal que asistiron ao acto de defensa, e multiplicando esta por 4, sexa igual ou superior a 12 puntos.

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

Elixida a representanci3n do alumnado da EDIUS no Consello do Estudantado

Un dos seus principais obxectivos 3 a defensa dos dereitos de todo o estudantado.



Foto: usc.gal

O pasado 27 de novembro celebr3ronse as votaci3ns para elixir aos representantes do alumnado da EDIUS no Consello do Estudantado. O Consello do Estudantado da USC botou a andar en setembro de 2022 coa vontade de ser un punto de encontro das realidades do alumnado dos distintos centros. Un dos seus principais obxectivos 3 a defensa dos dereitos de todo o estudantado.

En total, foron tres as persoas elixidas. Na secci3n de Artes e Humanidades o representante ser3 Miguel Guisantes Alonso, da Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC). En Ciencias e Enxeñar3as, 3scar Vicent Giner Rajala; e na 3rea de Ciencias da Sa3de, Julia Rey Brandariz. Na secci3n de Ciencias Sociais e Xur3dicas non se presentou ningunha candidatura.

[↩ Ir ao sumario](#)

Cales son as principais preocupacións ou reivindicacións para o alumnado de doutoramento?



**ÓSCAR VICENT
GINER RAJALA**

Dende a Asemblea de Investigadoras de Compostela e como membro do comité de dirección da EDIUS pretendo dar voz á comunidade do persoal investigador predoutoral e mediar por unha maior calidade no desenvolvemento das nosas tarefas. Por unha investigación digna con menos burocracia e cargas de traballo innecesarias que nos afasten dos nosos obxectivos reais, nunca esquecendo a todas as persoas que investigan dende a precariedade.



**JULIA
REY BRANDARIZ**

A presión académica e a carga de traballo durante a realización da tese de doutoramento poden implicar enfrontarse a niveis elevados de estrés e esgotamento. Por iso, aumentar a axuda dirixida ao manexo do estrés e o coidado da saúde mental durante esta etapa é importante. Ademais, nalgúns casos, a falta de recursos financeiros ou un emprego inestable poden xerar ansiedade e circunstancias que complican a realización do doutoramento. Dispoñer dun maior apoio e recoñecemento a nivel institucional para a investigación e o desenvolvemento profesional, así como a xeración de maiores oportunidades laborais durante esta etapa, constitúen tamén unha demanda fundamental.



**MIGUEL
GUISANTES ALONSO**

Aínda que as investigadoras predoutorais pertencemos ao colectivo do estudiantado, esta adscrición non é adecuada. Traballamos nunha investigación que ten como consecución unha tese, e tanto quen logrou un contrato como quen non (estas segundas aínda con máis valor xa que o seu traballo sáelle de balde á Universidade) somos persoal investigador.

As reivindicacións desde a Asemblea de Investigadoras de Compostela son, tanto para quen conta cun contrato como para quen non, o fin da nosa situación precaria: o aumento do número de contratos predoutorais e a mellora das súas condicións para lograr a estabilidade necesaria para levar adiante o noso proxecto de tese e tamén o noso proxecto de vida.

[Ir ao sumario](#)



Teresa Fanego Lema

Membro do Comité de Dirección da EDIUS – Artes e Humanidades

OPINIÓN

Que lonxitude debe ter unha tese doutoral?

A pregunta que dá título a esta contribución á nEDIUS fórmulase con gran frecuencia, tanto aos/as directores/as de teses, como ás CAPD e ao persoal da Escola de Doutoramento.

Os regulamentos de doutoramento de moitas universidades establecen con claridade a extensión das teses doutorais. Parece adecuado facelo así: a tese doutoral é a exposición escrita dun traballo de investigación que ocupou varios anos, cuxa finalidade é realizar unha achega orixinal e innovadora a unha materia ou campo determinados. A constatación dese carácter innovador require, ademais, dun capítulo de resultados, un conxunto de compoñentes adicionais, entre outros, unha síntese do estado da cuestión e dos estudos previos sobre o tema escollido, a exposición da metodoloxía e do modelo teórico adoptados, a análise de datos e a forma en que devandita análise levouse a cabo, as referencias bibliográficas, etc. Non é factible que todo iso se poida facer nunhas poucas páxinas. Pero, ao tempo, é igualmente esencial que a tese doutoral sexa un traballo focalizado, conciso e preciso, que eluda a exposición pormenorizada de todas as lecturas, coñecementos e experiencias acumuladas polo doutorando/a durante o seu período de formación.

Tomando todo iso en consideración, é habitual que as institucións universitarias dos países de fala inglesa, así como doutros ámbitos xeográficos, especifiquen límites de extensión nas súas normativas de doutoramento, dos que adoitan excluírse a bibliografía e algún outro material complementario. Unha coñecida universidade británica, na que se educaron 121 gañadores do Premio Nobel, fixa entre 60,000 e 80,000 palabras os rangos mínimo e máximo para as teses doutorais da maioría das disciplinas de Artes, Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas. Son rangos que se matizan para áreas como Dereito (máximo 100,000 palabras) ou Economía (máximo 60,000 palabras), entre outras. Polo que respecta a Ciencias da Saúde e Ciencias e Enxeñerías, o máximo permitido sitúase ao redor de 60,000 palabras (aproximadamente 200 páxinas en A4).

Nesa mesma universidade, as chamadas teses por compendio de publicacións non difiren substancialmente, en canto á lonxitude, doutras modalidades de teses, polo menos polo que incumbe a Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas. Os artigos de investigación nestes campos adoitan ser extensos, e aos tres artigos que se requiren para unha tese por compendio hanse de sumar varios outros apartados obrigatorios: introdución, obxectivos xerais, metodoloxía, discusión xeral, bibliografía, etc. O conxunto de todo iso dá como resultado un bo número de páxinas, non moi inferior ao previsto para unha tese monográfica.

Queda para outro número deste boletín a cuestión de se a tese doutoral, ademais de conferir o grao de doutor, debe dar lugar a unha monografía de investigación publicada nunha editorial de prestixio. Podemos adiantar que, para as teses de moitas disciplinas, a resposta é 'sí'.

[← Ir ao sumario](#)


EDIUS NOVAS

A Fundación José Otero-Carmela Martínez reparte 21 becas para doutorandos e doutorandas da USC por valor de máis de 26 mil euros



Un total de 21 doutorandos e doutorandas da USC beneficiaranse este curso das becas da Fundación José Otero-Carmela Martínez. Estas axudas pretenden fomentar a investigación a través dos estudos de doutoramento do estudiantado con menos recursos económicos, ou que se atopen nunha situación persoal e familiar de gravidade en función dos indicadores de vulnerabilidade e risco de exclusión social. Deste xeito, a USC, en colaboración coa Fundación José Otero-Carmela Martínez, posibilitará que aquelas persoas matriculadas nun programa de doutoramento, que non poidan sufragar a súa formación, teñan a oportunidade de continuar coa súa investigación de cara á excelencia na realización da tese doutoral.

As axudas destinaranse a cubrir os gastos da matrícula dos estudos de doutoramento, así como aqueles outros que, de maneira xustificada, se deriven ou sexan necesarios para a realización das actividades conducentes a lograr os obxectivos académicos fixados no Plan de Investigación. Esta beca inclúe, por exemplo, a cobertura dos gastos derivados da realización dunha estadía de investigación nun centro do estranxeiro, de entre un mes e tres meses de duración, aprobada con carácter previo á súa realización pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento da USC. Tamén entrarán os gastos derivados da asistencia a congresos, conferencias, seminarios ou reunións científicas. O importe das axudas vai desde os 200 € até un máximo de 3.000 €.

 [Ir ao sumario](#)


Na convocatoria do pasado curso 2022-2023 foron 28 as persoas beneficiarias e había catro tipos de modalidades de axuda (matrícula, estadía, congreso

Falan algunhas das persoas beneficiarias

e material informático). En total concedéronse 26.990 euros. A maior asignación foi de 2.930 euros, e a menor de 200 euros (só pago de matrícula).

Este curso 2023-2024 o número de beneficiarios/as é de 21, existindo os mesmos catro tipos de modalidades de axuda. O importe total das axudas ascende a 26.449 euros. A maior asignación foi de 3.000 euros, e a menor de 200 euros.

Desde a Fundación explican que estas axudas están no ADN da súa creación, alá polo ano 1996. Segundo explican, a Fundación José Otero-Carmela Martínez botou a andar, entre outras cousas, para axudar economicamente aos universitarios e universitarias da USC máis desfavorecidos. Este ano, a axuda céntrase nos alumnos e alumnas de doutoramento.



MOSES S BASSS

[↩ Ir ao sumario](#)

1. Como valoras a concesión desta axuda para a túa investigación?

1. Son estudante de doutoramento no programa de Enerxía Renovable e Sostibilidade Enerxética da USC. A beca José Otero-Carmela Martínez para investigadores/as de doutoramento é de gran prestixio para os/as estudantes, especialmente para aqueles que necesitan axuda financeira, e estou moi agradecido de tela gañado para o ano académico 2023-2024. A subvención chegou no momento adecuado e proporcionará o apoio necesario para a finalización do meu traballo, que se basea en mellorar unha transición enerxética sostible para Gambia até o ano 2050.

2. Estou traballando no campo do modelado de sistemas de enerxía e a subvención axudárame a adquirir unha computadora coas especificacións adecuadas para executar con eficacia modelos cruciais para o meu traballo de investigación. Ademais, permitírame cubrir outros gastos relacionados coa inscrición a conferencias e a estada de investigación no estranxeiro como parte dos requisitos do meu programa de doutoramento. Pensamos en como cumprir todos estes requisitos pero grazas á beca José Otero-Carmela Martínez, o futuro está claro.

2. Até que punto supón un impulso para seguir adiante?



REBECA MARTÍNEZ BORRAJO


1. A concesión desta axuda é de gran importancia para a miña investigación, xa que brinda a oportunidade da adquisición de material informático necesario para o desenvolvemento dunha investigación de calidade. Ademais, mostra o compromiso da Universidade cos estudantes de doutoramento que dispoñemos de recursos informáticos limitados, dando a oportunidade de poder desenvolver correctamente o noso traballo.

2. Esta axuda é moi importante para a miña motivación e dedicación, ampliando as miñas posibilidades e contribuíndo no correcto avance da miña tese, optimizando a miña produtividade e eficiencia. Ademais, representa un impulso importante que non só se verá no presente, senón que afectará de forma positiva á miña traxectoria académica e profesional futura.

Falan algunhas das persoas beneficiarias

1. Como valoras a concesión desta axuda para a túa investigación?

2. Até que punto supón un impulso para seguir adiante?



ANDRÉS J. ROZADOS LORENZO

1. É un bálsamo que me permite coller aire, folgos e impulsar a miña investigación, xa que, ao ser estudante de doutoramento a tempo parcial, con carreira profesional no mundo do cinema en activo e como pai dunha nena de 5 anos, resulta moi complicado conciliar estas tres esferas e máis, contar con fondos económicos para continuar avanzando na área académica. Sen dúbida, son máis que precisas as axudas en investigación e que se poida seguir investindo en ciencia e formando a novos/as doutores/as.

2. Atópome na recta final da miña tese doutoral. Necesítanse estímulos, concentración, organización e, sobre todo, poñer o foco no obxectivo de desenvolver unha monografía ou colección de artigos onde se vexan materializados os anos e anos de traballo de investigación. Este apoio resulta primordial para calquera que queira encauzar e organizar a súa labor académica. Ao recibir este tipo de noticias, sintes que algo che axudou a subir dous chanzos de súpeto no camiño final da túa tese.



ANDERSON DE JESÚS

1. Ter sido beneficiado por segunda vez consecutiva con esta axuda para o fomento da investigación é toda unha honra, un estímulo e un reforzo imprescindible cando non dispoño de ningunha outra beca. Esta axuda permitirá completar a miña formación e realizar a desexada estadía de investigación co obxectivo de enriquecer os meus estudos e o meu periplo profesional noutra institución do exterior. Iso aportárame novas experiencias a nivel académico e profesional.

2. Esta sorte de axuda é unha inxección de ánimo persoal e un aliciente para soste esa labor de investigación continuada que un alumno de terceiro ciclo necesita para continuar con estímulo o desenvolvemento do seu proxecto. Síntome moi feliz e agradecido pola oportunidade que se me brinda.

SHOEIB FARAJI ABDOLMALEKI

1. A subvención cambiou as regras do xogo para a miña investigación e recibiu un 5/5. Esta axuda, no meu caso, proporcionárame recursos vitais. Grazas a ela podo profundizar no meu traballo e contribuír significativamente ao meu campo de investigación.

2. Esta axuda supón un impulso importante. Cunha puntuación de 4/5. Ademais, alimenta a miña motivación, impulsándome a avanzar na miña investigación con novo entusiasmo e determinación.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS


A AVTE lanza un programa de estímulo á transferencia en Ciencias Sociais, Humanas, Xurídicas e Artísticas



O programa ‘Estímulo á transferencia de coñecemento en Ciencias Sociais, Humanas, Xurídicas e Artísticas’, promovido pola Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC (AVTE), e **financiado polo Banco Santander**, ten coma obxectivo facilitar a transferencia de resultados de investigación, xerados polos grupos de investigación da USC, ao mercado. Baixo esta premisa e até o 9 de febreiro de 2024, poderán concorrer a esta convocatoria proxectos que contén cunha traxectoria previa de investigación e que presenten unha oportunidade de aplicación económica ou social dese novo coñecemento. O proxecto presentado deberá identificar elementos críticos que, de ser abordados, permitan activar o

proceso de transferencia e conter un potencial destinatario ou colaborador no proceso de transferencia que estea disposto a asumir compromisos. O orzamento solicitado debe ser acorde coas actividades e obxectivos propostos. As iniciativas contarán dende o primeiro momento co asesoramento do persoal técnico da AVTE e o seu financiamento será de até 20.000 euros cunha duración de entre tres e nove meses. A inscrición pode formalizarse **en liña**. A documentación que se ten que presentar atópase nas bases da convocatoria e debe enviarse a sabela.lopez.figueiras@usc.es e lydia.fernandez@usc.es. Podedes atopar máis información na **web do programa**.

 Ir ao sumario



Formación

Actividades Xaneiro 2024

Introdución ao manexo de imaxes espaciais e sensores remotos e a súa aplicabilidade ambiental

Do 15 ao 19 de xaneiro de 2024
Actividade Online

Matricula: do 2 ao 11 de xaneiro de 2024

Horario: de 15:00 a 18:00h

Estatística científica cos algoritmos de R

16, 17, 23 e 24 de xaneiro de 2024
Aula NORVET da Facultade de Veterinaria de Lugo

Matricula: do 2 ao 11 de xaneiro de 2024

Horario: de 16:00 a 20:00h

Seminario de Futuros Urbanos

11 de xaneiro, 8 de febreiro, 7 de marzo, 4 de abril, 18 de abril, 16 de maio e 6 de xuño de 2024 - Facultade de Xeografía e Historia. Aula 18

Matricula: do 22 de decembro ao 9 de xaneiro de 2024

Horario: de 19:30 a 21:00h



**Ceferino M. López
Sánchez**



José Manuel Díaz Cao

CURSO

Un curso para facilitar a entrada do alumnado nunha linguaxe matemática destinada ao desenvolvemento de probas estatísticas

“Estatística científica cos algoritmos de R” é o título do curso que se vai impartir entre o 16 e o 24 de xaneiro na facultade de Veterinaria do campus de Lugo. Ceferino M. López Sánchez e José Manuel Díaz Cao impartirán esta formación que permitirá ao alumnado da EDIUS adquirir conceptos sobre mostraxes representativas e análise estatística nos estudos científicos. Falamos cos profesores López Sánchez e Díaz Cao e isto foi o que nos contaron:

A quen vai destinado este curso?

Este curso está destinado a calquera alumno ou alumna de doutoramento. Dadas as características dos contidos que se van impartir no curso, a súa potencial audiencia é moi transversal. Inicialmente pode parecer que só está destinado ao alumnado de ciencias experimentais, pero estamos seguros de que tamén pode ser útil para o alumnado doutras áreas como as Humanidades, xa que tamén precisan demostracións estatísticas nos seus estudos. Debido a que traballamos na área de ciencias, certamente o temario está inclinado cara á Epidemioloxía, pero tratamos de transmitir un camiño inicial xeral que lles permita logo afondar pola súa conta e ter unha base coa que poidan cubrir as súas necesidades particulares.

Que coñecementos se van a impartir e como van axudar no proceso de investigación de doutoramento?

A intención do noso curso é facilitar a entrada do alumnado de doutoramento nunha linguaxe matemática destinada ao desenvolvemento de probas estatísticas, de maneira que poida ser o máis facilmente asimilable mesmo para os que poidan ter menos experiencia neste campo. Debido ao acceso libre e gratuíto da linguaxe R, moitos estatísticos xa desenvolveron funcións que cobren practicamente calquera necesidade estatística que un investigador/a pode precisar. A nosa intención céntrase en ensinar que paquetes e funcións xa desenvolvidas se poden empregar para solucionar as necesida-

des estatísticas dun investigador/a, máis que formalos na programación e abrilos ao uso de moitas outras que están ao noso alcance.

En que campos se aplica R?

R pódese aplicar a calquera campo no que se precisen probas estatísticas para demostrar os resultados obtidos na investigación, é dicir, calquera.

Que vantaxes supón para as persoas investigadoras coñecer e manexar esta linguaxe estatística?

Esta linguaxe está dispoñible para calquera persoa que teña unha computadora. É unha linguaxe de acceso libre, cun código fonte ao alcance de calquera, e que ademais se distribúe de forma gratuíta. Non precisa de adquisición de licenzas e existen milleiros de investigadores/as que desenvolven funcións para a realización de calquera algoritmo estatístico e que revisan de forma pública os erros de programación. É dicir, pode ser empregado por calquera persoa con coñecementos básicos de estatística con seguridade.



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

A USC incorpora a Martha C. Nussbaum e Michael Keating ao seu claustro de doutoramentos *honoris causa*

Martha C. Nussbaum e Michael Keating, figuras senlleiras para entender as Ciencias Sociais do século XXI, integran dende o 18 de decembro o claustro de doutoramentos *honoris causa* da USC. Nussbaum centrou a súa intervención nos animais non humanos aos que definiu como “peregrinos” xa que se desprazan constantemente na procura dunha contorna estable na que vivir. A profesora é recoñecida en todo o mundo como a “filósofa das emocións”. Nussbaum amosouse esperanzada na construción dun mundo que respecte os dereitos dos animais, loita na que tamén estivo involucrada a súa filla Rachel, finada en 2019.

Doutora en Dereito e Ética pola Universidade de Harvard, foi docente en Harvard, Brown, Oxford e na Universidade de Chicago. As súas obras constitúen unha referencia obrigada nos programas de estudo das universidades de todo o mundo, tanto no ámbito da Filosofía, como no das Ciencias da Educación, Dereito ou Ciencias Políticas. En 2012, foi galardoada co Premio Príncipe de Asturias de Ciencias Sociais.

O profesor Keating, pola súa parte, iniciou a súa intervención lembrando a súa primeira visita a Compostela no ano 1993, tamén da man do seu padriño no doutoramento *honoris causa*, o profesor emérito da USC Ramón Máiz. Ao longo do seu medio século de carreira académica e moi especialmente na actualidade, unha das grandes pre-



ocupacións do profesor Keating baseouse na interdisciplinidade e pluralismo metodolóxico nas Ciencias Sociais. “O mundo real, as relacións entre os seres humanos, son moi complexas, hai diferentes cores”, subliñou no seu discurso. Nun contexto como o actual no que a comprensión do tecido social pasa por esa suma de perspectivas, o profesor Keating alertou ante a “fragmentación do coñecemento, a especialización excesiva”.

O profesor Keating, pertencente á Universidade de Aberdeen, ten acreditada unha traxectoria de gran relevancia e proxección internacional no ámbito da Ciencia Política, complementada por un intenso labor investigador e asesor en institucións vencellados ao proceso de devolución dos poderes lexislativo e executivo no Reino Unido a ao impacto europeo do proceso de Brexit.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

A implantación global de prácticas locais de inflexión positiva mudaría a urxencia climática da Terra por un futuro sostible

Máis información
[nesta ligazón](#)

O rumbo que está a tomar o planeta Terra é desastroso e avanza cara ao colapso, tal e como se apunta no último Informe Mundial sobre os Puntos de Inflexión (Global Tipping Points Report), un pormenorizado estudo sobre a saúde do planeta presentado o pasado mes de decembro na Facultade de Administración e Dirección de Empresas do Campus Terra da USC polo profesor Sebastián Villasante e o tamén investigador do Centro de Investigación Interdisciplinaria en Tecnoloxías Ambientais da USC (CRETUS), José Antonio Sanabria-Fernández, que poñen o foco nas posibilidades de invertir ou, cando menos enmendar, a situación actual a través da implementación a nivel global daquelas iniciativas locais que están a producir inflexións positivas.

Villasante e Sanabria, que son responsables da autoría de varios dos artigos compilados neste informe mundial, coordinado polo profesor Tim Lenton da Universidade de Exeter, e no que tomaron parte máis de 200 científicos e científicas de todo o mundo, alertaron da situación de emerxencia que se desprende dun estudo no que se identifican até 26 puntos de inflexión negativa no planeta Terra.

[↩](#) Ir ao sumario



Teses

Decembro 2023

A xudicialización da violencia golpista. Unha mirada transversal á administración de xustiza entre 1930 e 1942

ALDARA CIDRÁS FUENTES

Director/es: Lourenzo Fernandez Prieto, Antonio Miguez Macho

PD: Historia Contemporánea

Data: 1/12/2023 - Presencial

Jet quenching for measuring the QCD collectivity temporal structure

MARCOS GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Director/es: Carlos Alberto Salgado López, Carlota Andrés Casas

PD: Física Nuclear e de Partículas

Data: 1/12/2023 - Presencial

Therapeutical approaches for prion diseases and characterization of recombinant prion strains from different perspectives

NURIA LÓPEZ LORENZO

Director/es: Jesús Rodriguez Requena

PD: Medicina Molecular

Data: 1/12/2023 - Presencial

[↩ Ir ao sumario](#)

Resumo:

A historia do golpe de Estado de 1936 é tamén, a historia dun asalto ao Estado xurisdiccional. E é que a xurisdición non é un aspecto máis do Estado, senón que está na cerna mesma do concepto de soberanía. Os golpistas precisaban configurarse como contraestado que exerce a súa función xurisdiccional para evidenciar que eles mesmos eran, en efecto, o verdadeiro Estado. Asemade, foi a través do exercicio desta mesma función xurisdiccional como os sublevados canalizaron fundamentalmente as súas lóxicas eliminacionistas. O exceso de aparente celo e o interese nun normativismo performativo xa dende os primeiros momentos do conflito evidencian que a administración de xustiza foi unha peza clave na súa estratexia, ofrecendo múltiples utilidades alén do punitivismo contra un outro político.

Resumo:

In this thesis we use the medium-induced gluon radiation spectrum to study the quark gluon plasma generated at the LHC. In particular, we employ a new computational algorithm that exactly resums the QCD potential without truncations -- either in the opacity expansion or the perturbative tails. First, we compare the fully resummed spectrum with different analytical approaches, improving our understanding of the physics behind the emission process. Then, we find an efficient way of computing the radiation spectrum in a realistically evolving media described by a hydrodynamical simulation, a crucial step to implement the framework in phenomenology. Finally, we analyze the impact that the propagation during the initial stages of the collision, which is usually neglected, has on jet quenching observables.

Resumo:

Overall, this work addresses prion diseases through the use of three pharmacological candidates, each approaching prion disorders from different perspectives. Although the results have not met expectations in terms of efficacy, they have shed light on the limitations of each candidate. Additionally, it has been possible to characterize recombinant prion strains from different approaches, establishing differences among them and redefining the role of cofactors in the diversity of prion strains.

Teses defendidas en decembro

Papel de las ciclofilinas en la enfermedad aterosclerótica

JEREMÍAS BAYÓN LORENZO

Director/es: María Amparo Alfonso Rancaño, Carlos González Juanatey

PD: Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias

Data: 1/12/2023 - Presencial

Análisis integrado de enteropatógenos implicados en la diarrea neonatal del ternero y sus repercusiones en salud pública en el Noroeste de España

CYNTHIA LÓPEZ NOVO

Director/es: Pablo Díaz Fernández, Alberto Prieto Lago

PD: Medicina e Sanidade Veterinaria

Data: 1/12/2023 - Presencial

Análisis comparativo del programa universitario de dirección hotelera y construcción de un modelo formativo europeo orientado a combatir las desigualdades en este entorno laboral

PATRICIA CUEVAS SARRIA

Director/es: Antonio Florencio Rial Sanchez, Beatriz Cebreiro López

PD: Equidade e Innovación en Educación

Data: 1/12/2023 - Presencial

[↩ Ir ao sumario](#)

Resumo:

La incidencia de enfermedades cardiovasculares aumenta con la presencia de factores de riesgo asociados como son las enfermedades inflamatorias y autoinmunes, entre las que destaca la enfermedad arterial coronaria (EAC). En los últimos 10 años la familia de proteínas peptidil prolil cis trans isomerasas se ha relacionado con la inflamación asociada a diversas enfermedades cardíacas y vasculares incluyendo la aterosclerosis. Dentro de esta familia, las ciclofilinas (Cyps) parecen desempeñar un papel fundamental tanto en el desarrollo como en la evolución de la placa de ateroma, lo que las convierte en interesantes dianas terapéuticas. En la tesis, se estudia el perfil de cuatro isoformas (CypA, CypB, CypC y CypD) y de marcadores de la inflamación en muestras de pacientes con EAC aguda y crónica con y sin factores de riesgo asociados, con el fin de establecer nuevos biomarcadores relacionados con esta enfermedad.

Resumo:

La diarrea neonatal del ternero es un proceso que genera importantes pérdidas económicas. En su etiología intervienen diversos agentes infecciosos y parasitarios, algunos de ellos zoonóticos, que pueden actuar solos o combinados. El objetivo principal de esta tesis es establecer la prevalencia de los principales enteropatógenos en terneros con diarrea menores de un mes y estudiar sus posibles asociaciones, así como su relación con la edad del animal y con la consistencia de las heces. Se abordaron sus posibles repercusiones para la salud pública mediante la caracterización molecular de los agentes parasitarios y determinación de su potencial zoonótico, y la evaluación de la susceptibilidad antibiótica de las cepas de *Escherichia coli* enterotoxigénica involucradas en el proceso.

Resumo:

El objetivo de esta tesis consiste en analizar tres programas universitarios de dirección hotelera procedentes de las siguientes instituciones europeas: The Hague Hotelschool en Países Bajos, Manchester Metropolitan University en Reino Unido y Centro Superior de Hostelería de Galicia- Universidade de Santiago de Compostela y diseñar una propuesta formativa que garantice los derechos de igualdad de oportunidades en los equipos de trabajo y prevención en la trata de personas, que Europa ya reconoce como esclavitud moderna. Realizando una investigación no experimental de metodología mixta, cualitativa y cuantitativa, basada en el estudio de caso y la metodología Delphi, y con la ayuda de un grupo de expertos, procedemos a construir el perfil directivo hotelero europeo con especial atención a los derechos de igualdad, inclusión y diversidad en el ámbito laboral.

Teses defendidas en decembro

*Estudio transcriptómico de *Photobacterium damsela* subsp. *damsela*: influencia de la salinidad, identificación de nuevos factores de virulencia y diseño de aplicaciones biotecnológicas*

ALBA VÁZQUEZ BARCA

Director/es: Carlos Rodríguez Osorio

PD: Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria

Data: 1/12/2023 - Presencial

A ecografía como ferramenta para mellorar a eficiencia reprodutiva no gando vacún

UXÍA YÁÑEZ RAMIL

Director/es: Luís Ángel Quintela Arias, Juan José Becerra González

PD: Medicina e Sanidade Veterinaria

Data: 4/12/2023 - Presencial

Coronavirus e desinformación en Europa: análise de proxectos de fact checking para loitar contra a manipulación informativa en España, Reino Unido, Francia, Italia e Alemaña

HERMENEGILDO JOSÉ CASAS GARCÍA

Director/es: Xose Lopez Garcia, Alba Silva Rodriguez

PD: Comunicación e Información Contemporánea

Data: 5/12/2023 - Presencial

Resumo:

En esta tesis hemos construido dos vectores plasmídicos, denominados pVibexp y pA-162-Vibexp, que han resultado útiles en la complementación genética de Pdd. Además, ambos vectores son seleccionables y movilizables por conjugación a otros vibrios, lo que permite extender su uso a otras bacterias de la familia Vibrionaceae. Además, hemos demostrado que el vector pA-162-Vibexp, basado en un plásmido nativo de Pdd, permite la secreción de una fosfolipasa heteróloga de *Pseudoalteromonas citrea* en Pdd. Este hallazgo abre el camino en la utilización de esta plataforma para la producción de proteínas recombinantes en *P. damsela* y con posibilidades de ser también utilizada con éxito en otros géneros de bacterias marinas.

Resumo:

A ecografía é unha técnica de imaxe que se comezou a empregar no ámbito da reprodución bovina de maneira habitual a finais do século XX. Os obxectivos desta tese doutoral están encamiñados a comprobar se a utilización do modo B e modo Doppler é efectivo e supón unha vantaxe en comparación con outras técnicas alternativas para: seleccionar as receptoras en procedementos de transferencia embrionaria; avaliar a funcionalidade do corpo lúteo; e determinar o momento no que se vai producir a ovulación.

Resumo:

A investigación orbita arredor do papel do xornalismo de datos no desenvolvemento das tarefas que realizan os fact checkers (ou verificadores) europeos para loitar contra a desinformación relacionada coa pandemia da COVID 19. Os resultados constatan que o xornalismo de datos aparece en máis dun terzo dos contidos publicados polos verificadores así como que a súa utilización e grao de desenvolvemento é moi dispar entre os diferentes medios, con verificadores especializados en xornalismo de datos e verificadores que recorren ao xornalismo de datos de maneira superficial. A investigación tamén permite situar unha serie de elementos comúns nos verificadores, metodoloxía, transparencia, xéneros, formatos, participación de audiencias, que reforzan a existencia dunha cultura xornalística propia.

 [Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en decembro

Caracterización de los patrones de metilación del retrotransposón LINE-1 en genomas tumorales mediante tecnologías de secuenciación de molécula única

FRANCISCO JAVIER TEMES RODRÍGUEZ

Director/es: Daniel Garcia Souto

PD: Medicina Molecular

Data: 11/12/2023 - Virtual

Cinema em transição. Dialética entre narrativa e produção no documentário cooperativo "En todas as mans"

MIGUEL LÓPEZ CALZADA

Director/es: Marta Pérez Pereiro

PD: Comunicación e Información Contemporánea

Data: 11/12/2023 - Presencial

Resumo:

El genoma humano es altamente repetitivo, en gran parte debido a los elementos móviles que contiene, de los cuales los retrotransposones forman una parte importante. Estos retrotransposones están implicados en varios procesos mutacionales. El estado de metilación de sus promotores es muy importante, ya que determina en gran parte su actividad mutacional dentro de un tumor. El único retrotransposón autónomo y activo en los seres humanos es el LINE1, conteniendo el genoma humano más de 500.000 copias. Debido a la naturaleza repetitiva de éstos, y también a su longitud, el estudio de estos patrones representa todo un desafío. La aparición de tecnologías de secuenciación de lecturas largas ‘single molecule sequencing’, como la de Oxford Nanopore (ONT), permite solventar estas dificultades. En esta tesis, hacemos uso de esta tecnología para caracterizar los patrones de metilación de los retrotransposones en tumores y tejidos no tumorales, para responder a importantes cuestiones biológicas sobre la actividad de los mismos en ambos tipos de tejidos.

Resumo:

"En todas as mans" (2015) é documentário que narra a gestão do territorio nos montes mancomunados da Galiza e Portugal. A presente tese toma esta película como caso de estudo, descrevendo as características do filme em relação ao seu contexto audiovisual, histórico e sócioeconómico. O filme é um produto do seu tempo, conectado co Novo Cinema Galego. E também é herdeiro dum legado cinematográfico. Universalidade e singularidade combinam-se com potencial paradigmático. Na Galiza, pequena nação na periferia do centro, "En todas as mans" aparece como um modelo possível na transição para um outro jeito de fazer cinema. Um cinema pequeno e periférico em transição para um outro sistema.

 [Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en decembro

The influence of English on U.S. Spanish: A corpus-based study on the use of lexical anglicisms in the Hispanic digital press of the Northeast.

MARÍA EVA PIÑEIRO FARIÑA

Director/es: Ignacio Miguel Palacios Martinez

PD: Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura

Data: 11/12/2023 - Presencial

Resumo:

